

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Mos, 1 de agosto de dous mil vinte catro.

Na sala de reunións da Casa Consistorial de Mos, ás 12:00 horas, réunese a Mesa de Contratación na licitación, mediante procedemento aberto simplificado, de contrato administrativo de subministro de unha miniescavadora para o Departamento de vías e obras do Concello de Mos, integrada pola Sra. Alcaldesa, Dna. Nidia María Arévalo Gómez como Presidenta, D. Leo Costas Alonso, Concelleiro delegado de contratación, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, e asegurando a súa actuación por medios electrónicos Dna. M^ª Jesús Piñeiro Bello, Interventora municipal, como Vocais. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. Rosa Rodríguez González, adscrita á Secretaría, que da fe do acto.

PRIMEIRO.- A Mesa de contratación, en sesión celebrada o 29 de xullo formulou proposta de adxudicación en favor de TALLERES TURQUINO S.L. como oferta que obtivo a máxima puntuación (*Unha vez descartado o primeiro candidato por puntuación por non axustarse aos PPT*), solicitando que presentase no prazo de 7 días hábiles a documentación previa á adxudicación.

En consecuencia requiriu a TALLERES TURQUINO S.L. a documentación previa á adxudicación prevista nos PCAP.

TALLERES TURQUINO S.L. presenta en data 01/08/24, dentro do prazo concedido ao efecto, a seguinte documentación:

1. Declaración responsable sobre cumprimento da condición especial de execución conforme ao artigo 202 da lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector publico.
2. Constitución de garantía definitiva: Transferencia bancaria da entidade BBVA de data 01/08/24 por importe de 2.490,00 €. Referencia BBVA 24502711143818.
3. Declaración de innecesiedade de presentar documentación acreditativa de solvencia de acordo ao establecido na cláusula 4.3. do PACP.
4. Declaración de non incorrer en causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 71 da lei de contratos do sector público.

Pola súa banda, o Concello procede a descargar certificado de inscrición da empresa no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO.- Examinada pola Mesa de contratación a documentación completa xunto coa documentación que consta no rexistro de contratistas e procédese á súa valoración:

Documentación acreditativa da capacidade de obrar e da representación

As persoas xurídicas deberán presentar escritura ou documento de constitución, ou de modificación, no seu caso, estatutos ou acta fundacional no que consten as normas polas que se regula a

Sí figura no Rexistro de contratistas escritura de constitución da empresa.



súa actividade, inscritos no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.	
Documentación acreditativa de non concorrer causa de prohibición de contratar	<input checked="" type="checkbox"/> Sí, presenta declaración.
ATRIGA	<input checked="" type="checkbox"/> Sí figura no Rexistro de contratistas.
SEG SOC	<input checked="" type="checkbox"/> Sí figura no Rexistro de contratistas.
IAE	<input checked="" type="checkbox"/> Sí figura no Rexistro de contratistas.
Documentación acreditativa de constituír a correspondente garantía definitiva de acordo ao establecido na cláusula 19 do PCAP por importe de 2.490 euros. <i>19.2.- A garantía poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores de Débeda Pública, ou por contrato de seguro de caución, na forma e condicións establecidas regulamentariamente, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesourería do Concello</i>	<input checked="" type="checkbox"/> Mediante transferencia bancaria, contabilizada na Tesourería Municipal
Documentación acreditativa da solvencia económica	Eximido de acordo coa cláusula 4.3 dos PCAP
Documentación acreditativa da solvencia técnica	Eximido de acordo coa cláusula 4.3 dos PCAP

Examinada pola Mesa de contratación a documentación presentada, entende que a mesma, xunto coa obrante nos rexistros de contratistas é suficiente e, en consecuencia, acorda propoñer á Xunta de Goberno como órgano de contratación a adopción dos seguintes acordos:

Formular proposta de adxudicación en favor de TALLERES TURQUINO S.L. como oferta que obtivo a máxima puntuación. As condicións que presenta a súa oferta son as seguintes:

Máquina ofertada: Bobcat (marca), E34 (modelo)

A) **Prezo** sen IVE: Cuarenta e nove mil ochocientos euros (en letra), 49.800 euros (en número).

B) Imposto sobre o valor engadido (IVE 21%) Diez mil catrocentos cincuenta e oito euros (en letra), 10.458 euros (en número).

C) TOTAL (A+B) Sesenta mil douscentos cincuenta e oito euros (en letra), 60.258 euros (en número).

Oferta adicionalmente as seguintes condicións:

Oferto asistencia en Rúa C, parcela 160 – Polígono Industrial A Granxa 36475 O Porriño (Pontevedra) a unha distancia de 14,1 kms da nave de obras do Concello de Mos.



Oferto compromiso de atención inmediata nas reparacións, cun tempo de resposta inferior a 24 horas, en días laborables. SI
Oferto un prazo de entrega da máquina de 1 día.

A Sra. Presidenta da por terminada a reunión ás 12,30 horas.

E para constancia do tratado levanto a presente Acta que eu a Secretaria, tra-la súa lectura, someto á sinatura da Presidenta; dou fe.

Documento asinado electronicamente á marxe

